

ANUNCIO

Con data 20/03/2024 ditouse Resolución de Alcaldía número 163/2024 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE PSICÓLOGO/A MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO, PERSOAL LABORAL FIXO AO 66,66 % DA XORNADA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE CEDEIRA, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL.

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía núm. 695/2022, do 26 de decembro, aprobáronse as bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira, correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 aprobada mediante Decreto 262/2022 de 26 de maio e modificada polo decreto 285/2022 de 6 de xuño.

Resultando que por Resolución de Alcaldía núm. 697/2022, do 27 de decembro, aprobáronse a convocatoria e bases específicas reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición do concello de Cedeira, correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 aprobada mediante decreto 262/2022 de 26 de maio e modificada polo decreto 285/2022 de 6 de xuño.

Visto que ambas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 247 de 30 de decembro de 2022.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Psicólogo/a, persoal laboral fixo ao 66,66 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal:

ADMITIDOS/AS:

ADMITIDOS	
	APELIDOS E NOME
1	BLANCO FERNANDEZ MARIA DEL ROCIO
2	GARCIA ARRIBI MARIA DEL CARMEN

Segundo.- Outorgar un prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión (Base 14ª das Bases xerais)

Terceiro.- Publicar a presente listaxe no Boletín da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.”

Cedeira, asinado dixitalmente ao marxe

O Alcalde.-

Asdo. Pablo Diego Moreda Gil